



Deputación  
Pontevedra

# BOLETÍN OFICIAL PROVINCIA DE PONTEVEDRA

XOVES 4 DE SETEMBRO DE 2014

Número 170

Pág. 1

## SUMARIO

### ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO *Pág.*

|   |   |
|---|---|
| MINISTERIO DE AGRICULTURA,<br>ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE<br><i>Confederación Hidrográfica del Miño-Sil</i><br>Comisaría de Aguas ..... | 2 |
|---|---|

### XUNTA DE GALICIA

|   |   |
|---|---|
| CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS<br><i>Augas de Galicia</i><br>Subdirección Xeral de Xestión<br>do Dominio Público Hidráulico ..... | 2 |
|---|---|

### ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### Provincial

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| Deputación Provincial ..... | 3 |
|-----------------------------|---|

#### Municipal

|                          |    |
|--------------------------|----|
| Pontevedra .....         | 5  |
| Caldas de Reis .....     | 8  |
| Grove, O .....           | 8  |
| Guarda, A .....          | 9  |
| Marín .....              | 10 |
| Ponteareas .....         | 12 |
| Redondela .....          | 13 |
| Sanxenxo .....           | 22 |
| Vilaboa .....            | 23 |
| Vilanova de Arousa ..... | 24 |

### ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

#### Juzgados de lo Social

|                     |    |
|---------------------|----|
| De Pontevedra ..... | 26 |
| De Vigo .....       | 27 |

# ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

COMISARÍA DE AGUAS

A N U N C I O

*Expediente: A/36/0856*

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 16 de Julio de 2014, y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Juan Bautista Cortaberri Pazo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0139 l/s de agua procedente de un (1) manantial sito en el monte Orxada, en la parroquia de Cela, término municipal de Mos (Pontevedra), con destino a uso doméstico y ganadero.

El Jefe del Servicio, José Alonso Seijas.

2014006950

XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

AUGAS DE GALICIA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 21 de xullo de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle á Comunidade de Usuarios Santa Columba de Bértola unha concesión de 11 357,3 m<sup>3</sup> anuais de auga que procede de seis mananciais situados no monte Outeiro, na parroquia de Bértola (Santa Comba), no concello de Vilaboa (Pontevedra), con destino a uso doméstico e abastecemento a depósito contra incendios.

*Número Expte.: DH.A36.42957*

Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2014.—A Xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico.

2014006694

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 26 de xuño de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle á Comunidade de Regadores da Parroquia de Frades unha concesión de 244 451,2 m<sup>3</sup> anuais de auga que procede do rego da Fervenza, rego Mulleres, rego das Lagoas e de varios mananciais situados en Chaín, Frades e Subiión, na parroquia de Santa María de Frades, no concello da Estrada (Pontevedra), con destino a rega.

Número Expte.: DH.A36.17265

Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2014.—A Xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico. **2014006410**

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### A N U N C I O

Por medio do presente anuncio notificase a D. Manuel Figueroa Quintas, propietario dun can recollido o día 17 de agosto de 2014 polo servizo de recollida de animais abandonados da Deputación de Pontevedra no lugar de Morgadanes (Picouso) no Concello de Gondomar, que terá un prazo de dez días (10), a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para recuperalo, previo aboamento dos custes establecidos no Acordo Regulador do Prezo Público para a prestación do servizo intermunicipal de lacería, acollida e tratamento sanitario e outros dos cans recollidos no ámbito territorial dos concellos adheridos ao convenio marco provincial para a prestación deste servizo (BOP Nº 47 do 7/03/2013).

Transcorrido dito prazo sen que o propietario compareza, o animal se entenderá abandonado en aplicación do previsto no artigo 11.3 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia.

O propietario deberá poñerse en contacto co Centro de Acollida e Protección de Animais da Deputación de Pontevedra, ubicado no lugar de Busto, Armenteira, Meis, nos teléfonos 608.975.326/986.140.360.

O que se fai público de conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Pontevedra, a 29 de agosto de 2014.—O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, Gabriel Rodríguez Alonso. **2014007360**

#### *Anuncio de expropiación*

#### **PROXECTO “PUENTE RÍO DEVA – ROTONDA ENLACE E.P. 5002 CON E.P. 5102 PONTE DAS ACHAS – ACHAS (A CAÑIZA)”**

*Asunto:* Convocatoria para o pago dos importes dos depósitos previos á ocupación, así como do levantamento das actas de ocupación definitiva, en relación ás leiras cuxa relación figura no presente anuncio afectadas polo expediente de expropiación derivado do proxecto “Puente río Deva – rotonda enlace e.P. 5002 con E.P. 5102 Ponte das Achas – Achas” (A Cañiza), levado a cabo pola Deputación Provincial de Pontevedra e cuxa urxencia foi declarada polo Pleno deste Organismo o día 28 de marzo de 2014.

En cumprimento do establecido no artigo 52 consecuencia 4ª e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa, de 16 de decembro de 1954 e concordantes do seu Regulamento, polo Ilustrísimo Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra dispúxose que se proceda ao pago das cantidades sinaladas como depósitos previos así como á posterior e inmediata ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras obxecto do expediente de expropiación de referencia, no lugar, día e hora que se indican a continuación:

*Lugar:* Concello de A Cañiza

Data: 16 de setembro de 2014/ dez (10:00) da mañá.

| <i>FINCA</i> | <i>PROPIETARIO</i>                                   | <i>IMPORTE</i>    |
|--------------|--|-------------------|
| 2-A          | Sara Gil Gil   | 237,30 €          |
| 8            | José Castro Álvarez                                  | 400,89 €          |
| 14           | Nelida María Castillo Paramés y Antonio Alonso Pérez | 1.243,20 €        |
| 16           | José Castro Álvarez                                  | 500,63 €          |
| 20           | Perpetua Puga Riveiro                                | 71,29 €           |
| 21-A         | Zacarías Antón Fernández                             | 31,18 €           |
| 22           | Asunción Fernández Castro                            | 51,66 €           |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>2.536,15 €</b> |

Ademais darase conta do sinalamento ós interesados mediante citación individual e a través do taboleiro de anuncios do Concello de A Cañiza e no Boletín Oficial da Provincia. Estas últimas publicacións, a tenor do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, servirán como notificación ós posibles interesados se a citación individual non se puidese practicar, así como respecto dos titulares de bens e dereitos afectados que sexan descoñecidos e aqueles dos que se ignore o seu paradiro

Os importes dos depósitos previos faranse efectivos ao interesado ou persoa que debidamente lle represente, previa achega para o seu exame da documentación acreditativa do ben ou dereito afectado, no lugar e data mencionados.

Devandita documentación consistirá en:

- Fotocopia do DNI e poder que acredite a representación, no seu caso.
- Certificación do Rexistro da Propiedade actualizada a esta data. No suposto de atoparse a leira gravada con algunha carga, deberá achegar autorización do acredor.
- Se a leira non estivese inscrita no Rexistro da Propiedade, certificación da propiedade acreditativa de tal extremo e documento acreditativo da súa titularidade.
- Último recibo do I.B.I

De non comparecer o interesado, ou de non ser recollidos os importes dos depósitos previos á ocupación na indicada data, ou se non puidese facerse abono deles por existir cuestión de titularidade ou outra que impida o seu pago, procederase á súa inmediata consignación na Caixa Xeral de Depósitos da Deputación Provincial de Pontevedra, de non haberse xa realizado con anterioridade.

A recepción do depósito previo ou a súa consignación habilita á Administración para proceder á inmediata ocupación e toma de posesión dos bens e dereitos expropiados relativos ás leiras en cuestión ao amparo do disposto tanto no artigo 51 da Lei de Expropiación Forzosa como na consecuencia 6ª do artigo 52 da citada Lei, sen que sexa admisible ao posuidor establecer interdictos de reter e recobrar; doutra banda e de acordo co establecido no parágrafo 3º do citado artigo 51 “A Administración expropiante poderá entrar e tomar posesión directamente dos bens expropiados, unha vez cumpridas as formalidades establecidas nesta Lei, solicitando do Subdelegado do Goberno, se fose preciso, o auxilio das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para proceder á súa ocupación.”

Levantada no seu día o acta previa á ocupación e pagados ou consignados os depósitos previos á ocupación e cumpridos os requisitos previos establecidos na Lei, esta Administración procederá á inmediata ocupación das leiras afectadas levantándose a tal fin o acta de ocupación ou elevando o acta previa á condición de acta de ocupación definitiva acto para o que, así mesmo, cítase aos interesados mediante o presente anuncio no lugar, día e horas a que se referiu anteriormente.

Efectuada a ocupación da leira tramitarase o expediente de expropiación nas súas fases de justiprecio e pago, segundo a regulación xeral establecida na Lei de Expropiación Forzosa.

Pontevedra, 22 de agosto de 2014. — O Presidente, Rafael Louzán Abal.

2014007362

## AYUNTAMIENTOS

### PONTEVEDRA

*DECLARACIÓN DA DESISTENZA EN SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE DATOS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES POR ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA. TRÁMITE: ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.*

O Sr. Concelleiro delegado da área de persoal e réxime interior ditou, en data 30/01/2014 resolucións nas que declara a desistenza das súas solicitudes ás persoas máis abaixo relacionadas por non haber dado cumprimento ao requirido en cadanseu procedemento e posterior arquivo do expediente.

Intentada a súa notificación polo Servizo de Correos sen que se puidesen practicar a notificación é polo que, de conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC), se insire o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que xurda efectos.

| <i>NÚM. EXP.</i>   | <i>NOME E APELIDOS</i>             |
|--------------------|------------------------------------|
| GPAD 2010/2065/02  | Vales Lorenzo, José Manuel.        |
| GPAD 2010/2499/39  | Domatos Iglesias, María Cristina.  |
| GPAD 2011/543/31   | Arcinegas Infante, Javier Ricardo. |
| GPAD 2011/4406/21  | Barik, Mbark.                      |
| GPAD 2011/4426/92  | Goncalves, Nelci.                  |
| GPAD 2011/10092/84 | Martínez Juan, Lidia.              |
| GPAD 2011/10672/20 | Requena Cuervo, José Manuel.       |
| GPAD 2011/10754/30 | Ouazahrou, Brahim.                 |
| GPAD 2011/11608/52 | Akkar, Mounir.                     |
| GPAD 2011/11989/34 | O'Malley, Conor.                   |
| GPAD 2012/2762/20  | Rodríguez Polanco, Agustina.       |
| GPAD 2012/4040/96  | Ratoi, Constantín.                 |
|                    | Sali, Gabriela.                    |
|                    | Ratoi, Cristian.                   |
|                    | Ratoi, Daniela.                    |
| GPAD 2012/4378/71  | Fuques, Rodrigo.                   |
|                    | Borges Vicentini Fuques, Ángela.   |
|                    | Borges Vicentini Fuques, Nicole.   |
| GPAD 2012/5393/77  | Correa dos Santos, Pedro Lucas.    |
|                    | Homem Correa, Elizete.             |
| GPAD 2012/5408/90  | Ratoi, Constantín.                 |
| GPAD 2012/5507/71  | Ciati Manchini, Bianca Cristina.   |
| GPAD 2012/7613/88  | Ancos Valencia, María Victoria.    |
| GPAD 2013/770/87   | Fraguas Simal, Patricia.           |
| GPAD 2013/1037/79  | Fernández Rodríguez, Andrea.       |
| GPAD 2013/2619/85  | Silles Costas, Joaquín.            |
| GPAD 2013/4210/74  | Mihalache, Vasile.                 |

#### RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 116-1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, o ben directamente o recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/98, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 21 de agosto de 2014. — O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

2014007305

*ASUNTO: DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA NO PADRÓN DE HABITANTES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. TRÁMITE: ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.*

O Sr. Concelleiro delegado da área de persoal e réxime interior ditou en data 19/12/2013 resolucións nas que denega as solicitudes de alta por cambio de residencia no padrón de habitantes aos habitantes máis abaixo relacionados.

Intentada as súas notificacións polo Servizo de Correos sen que se puidesen practicar é polo que, de conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC), se insire o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que xurda efectos.

| <i>NÚM. EXP.</i>   | <i>NOME E APELIDOS</i>  |
|--------------------|---|
| GPAD 2011/1156/48  | Carballa Pereira, Elisa.  |
| GPAD 2010/1753/21  | Silva Martínez, Marina  |
| GPAD 2011/1173/59  |   |
| GPAD 2011/975/72   | Rodríguez Dosouto, Marta.<br>Hermilla Rodríguez, Adriana.   |
| GPAD 2011/6127/66  | Caramonte Valcarcel, Clarice.<br>Darriba Caramonte, María Clara.<br>Darriba Caramonte, José Manuel  |
| GPAD 2011/6573/19  | Dieguez Valiñas, José Manuel.   |
| GPAD 2011/12068/59 | González Sánchez, Nélica Rafaela<br>Rodríguez González, Fernando.<br>Rodríguez González, Alejandra. |
| GPAD 2012/2561/39  | Quintela Domínguez, Patricia.<br>Salgueiro Quintela, Noemí.   |
| GPAD 2012/4930/26  | Hong, Mei<br>Xu, Alicia Xinyun.<br>Xu, Ana Xinyao.  |
| GPAD 2012/5/651/56 | Dia, Djiby Seck.  |
| GPAD 2012/5865/92  | Gutierrez Vasquez, Yasmin Estefany.<br>Gutierrez, Izan.   |
| GPAD 2013/2148/30  | Garrido Piñeiro, Antonia.<br>Garrido Piñeiro, Antía.  |
| GPAD 2013/2761/77  | Reiriz Paz, Juan Manuel.<br>Sabaris Garcia, María Dolores.  |
| GPAD 2013/3657/03  | Reiriz Sabaris, Ángela.<br>López Castañeda, Gloria Inés.<br>Muñoz López, Ainhoa.                    |



| NÚM. EXP.                      | NOME E APELIDOS  |
|--------------------------------|--|
| GPAD 2013/4017/82              | Viceu Soares, Elma dos Santos.<br>Oliveros Viceu, Alejandro.                       |
| GPAD 2013/4381/71              | Diaw, Papa.  |
| GPAD 2013/4231/40              | Pousada Portela, Andrea.<br>Serrano González, Marcos.<br>Serrano Pousada, Carlota. |
| GPAD 2013/7734/73 <sup>a</sup> | Martín Fernández, Carmen.  |

*RECURSOS PROCEDENTES:*

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 116-1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, o ben directamente o recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/98, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 21 de agosto de 2014. — O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

**2014007304**

*ASUNTO: REQUIRIMENTO EMENDA OU MELLORA DE SOLICITUDE EN PROCEDIMENTOS DE ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA. TRÁMITE: ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.*

Examinadas as solicitudes de alta por cambio de residencia sinaladas mais abaixo e unha vez efectuados os requirimentos aos interesados para que procedesen a emenda ou mellora da solicitude (ao abeiro do artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC)) sen que se puidese practicar a súa notificación é polo que, de conformidade co artigo 59 da LRJPAC, se insire o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e se require aos solicitantes sinalados para que, no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP, emenden os defectos advertidos ou aporten a documentación que se lle indica.

| NÚM. EXP.         | NOME E APELIDOS               | DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA   |
|-------------------|-------------------------------|---|
| GPAD 2011/1496/33 | Lorenzo López, Jesús          | - Acreditación da titularidade da vivenda na que se pretende empadroar a nome do autorizante. |
| GPAD 2011/2601/66 | Rojas Fuentes, Juana Daumaris | - Copia do contrato de aluguer co enderezo correcto e debidamente asinado.                    |
| GPAD 2011/9847/05 | Carballa Martín, Juan Mari.   | - Acreditación da titularidade da vivenda na que se pretende empadroar a nome do autorizante. |
| GPAD 2011/6781/53 | Peralta Luna, Madelyn.        | - Fotocopia do NIE.   |
| GPAD 2011/9854/94 | Gregorio Rodríguez, Iria.     | - Fotocopia do dni de Victor Avendaño García.   |
| GPAD 2011/9863/45 | Nunes da Silva, Bruno Mauro.  | - Fotocopia do NIE.   |

| NÚM. EXP.          | NOME E APELIDOS                     | DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA   |
|--------------------|-------------------------------------|---|
| GPAD 2011/10060/17 | Freitas de Sousa, Ezen Clever.      | - Fotocopias do NIE de Nelson Alves Carvalho.<br>- Fotocopia do NIE do interesado.  |
| GPAD 2011/10083/53 | Couso Figueiras, Antonio M.         | - Fotocopia do DNI da autorizante.  |
| GPAD 2011/10940/22 | Da Mota Azevedo, José Carlos.       | - Fotocopia do NIE e do pasaporte.  |
| GPAD 2011/12017/90 | Molina Araque, Carmen Mayela.       | - Documento acreditativo da tutela da menor Kayla Yusbeirys Abello Molina.  |
| GPAD 2011/12110/63 | Hable, Nina.                        | - Fotocopia do NIE e do pasaporte.  |
| GPAD 2012/2101/84  | Hernández Caballero, Miguel Ángel.  | - Documento acreditativo da titularidade ou uso da vivenda na que se pretende empadroar.  |
| GPAD 2012/2495/07  | Toro Martínez, Yolanda.             | - Deberá ratificar a solicitude xa que non se identifica a sinatura da solicitude coa que consta no DNI.  |
| GPAD 2012/2569/67  | Castaño Novoa, Patricia.            | - Documento que acredite o uso como vivenda no inmovible no que se pretende empadroar.  |
| GPAD 2012/5455/46  | De Azevedo Lima, José Agostinho.    | - Documento acreditativo da titularidade do inmovible por parte do autorizante.   |
| GPAD 2012/5486/11  | Rodríguez Villar, María del Carmen. | - Deberá ratificar a solicitude xa que non se identifica a sinatura da solicitude coa que consta no DNI.  |
| GPAD 2012/5764/52  | Arias García, María Julia.          | - O autorizante non se atopa empadroado no domicilio indicado. Deberá achegar documento acreditativo da titularidade ou do uso da vivenda.  |
| GPAD 2012/6373/78  | Arias Criollo, Sandra Patricia.     | - Non se corresponde o enderezo indicado na solicitude co que consta na documentación achegada.   |
| GPAD 2013/1790/11  | Entenza Espina, Héctor.             | - Documento acreditativo da titularidade ou uso da vivenda na que se pretenden empadroar.   |
| GPAD 2013/3059/42  | Mbengue Ameth.                      | - Documento acreditativo da titularidade do inmovible por parte do autorizante.<br>- Deberá ratificar a solicitude xa que non se identifica a sinatura da solicitude coa que consta no seu documento de identidade. |
| GPAD 2014/816/29   | Caturía Fernández, Gerónimo Lucas.  | - Documento acreditativo da titularidade ou do uso da vivenda na que se pretende empadroar.   |

Pontevedra, 21 de agosto de 2014. — O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

2014007303

\* \* \*

## CALDAS DE REIS

### EDICTO

#### *Expediente AC0974/12*

Téndose solicitado desta Alcaldía por Don/Dona BENITO ABALO RIVAS e/r de BENITO ABALO S.L. a tramitación dun expediente para actividade de Taller de mantemento e aparcamento de autobuses, de acordo co proxecto redactado polo arqto. Téc Don Enrique Perol Rama a emprazar en Avda. Doña Urraca nº 25 - Caldas, e cumprindo o disposto polo art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 13 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública durante o prazo de VINTE (20) DIAS hábiles contados dende o día seguinte á inserción deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA, a fin de que durante o mesmo poida examinarse o expediente, no negociado de Urbanismo deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións e observacións que teñan por convinte-

Caldas de Reis, 14 de agosto de 2014. — O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

2014007285

\* \* \*

## O GROVE

### CÉDULA DE NOTIFICACIÓN

*Expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado en execución de sentenza sobre demolición de edificacións promovidas por Promociones Playa O Espiño S.L. no lugar de Ameirós.*

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de outubro de 2010, acordou prestar a súa aprobación ao proxecto de demolición e dar traslado do mesmo e outorgarlle audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles a partir do recibo da comunicación deste acordo. A alcaldía do Grove por providencia do 7 de agosto de 2014, acordou averiguar o domicilio de Justo Antonio Alvarez Prieto para practicarlle



notificación de dito acordo, e caso de non poder realizalo publicar anuncio no BO da Provincia e no taboleiro de edictos do seu último domicilio coñecido.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante esta cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59,5 da Lei 30/1992, de 29 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle ao interesado Justo Antonio Alvarez Prieto a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro da resolución que se notifica encóntrase ao seu dispor nas dependencias do edificio administrativo do Concello do Grove, na rúa Cándido Acuña número 3, 1ª planta, para a súa consulta no prazo de 10 días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta cédula no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Transcorrido o devandito prazo, a notificación entenderase producida.

Contra a devandita resolución polo seu carácter de acto de trámite non cabe recurso. Non obstante poderá interporse calquera que se considere oportuno.

O Grove, 18 de agosto de 2014.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2014007284

\* \* \*

## A GUARDA

### A N U N C I O

Neste Concello estanse a tramitar expedientes de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de extranxeiros que non están obrigados a renovar a súa inscrición padroal (NO\_ENCSARP) e que se relaciona máis adiante. Como non se puido practicar a notificación persoal do Decreto de Alcaldía nº 352/2014 polo que se resolve a baixa no padrón de habitantes dos interesados, procédese á publicación do presente anuncio cos mesmos efectos ao amparo do previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Ditos expedientes están á disposición dos interesados no departamento de estatística do Concello da Guarda.

#### RELACIÓN NO\_ENCSARP

|   |                                       |
|---|---------------------------------------|
| Ferreira Graça, Marcio Manuel . . . . .             | Rúa Puerto Rico, nº 18                |
| Gomes Da Silva Ferreira Gomes, Mª Natalia . . . . . | Rua 1ª Trav. Coruto Vello, nº 10      |
| Oliveira Azevedo, Maria Alexandrina . . . . .       | Rúa Roda, nº 30-2º                    |
| Moreira Alves, José Alberto . . . . .               | Rúa Baiona, nº 9-2ºD                  |
| Dos Santos Lima, Rui Miguel . . . . .               | Rúa Hernán Cortés, nº 33-1º           |
| Dos Santos Lima Rajao, María das Dores . . . . .    | Rúa Hernán Cortés, nº 33-1º           |
| Baptista Hanos, Alexis Nicole . . . . .             | Rúa Concepción Arenal, nº 64-3º       |
| Ramos Almeida, Joel . . . . .                       | Rúa Concepción Arenal, nº 64-3º       |
| Teixeira Babo, Jasón . . . . .                      | Avda. Sto Domingo de Guzmán, nº 2-5ºO |
| Soares Teixeira, Maria José . . . . .               | Avda. Sto Domingo de Guzmán, nº 2-5ºO |
| Guedes Da Silva, Tania Cristina . . . . .           | Praza de San Benito, nº3-2º           |
| Barbosa Días, Sandro Luis . . . . .                 | Praza de San Benito, nº 3-2º          |
| Ribeiro Pereira, José . . . . .                     | Rosentes, nº 88                       |
| Dos Santos Rodrigues, José Vicente . . . . .        | Rúa de Fernandez Albor, nº 24-4º      |
| Siqueira de Macedo, Italo . . . . .                 | Rúa de Subida ó Torroso, nº 6         |

|  |                                   |
|--|-----------------------------------|
| De Oliveira Silveira, Manuel Joaquim . . . . . | Rúa Trav. Brasil, nº 4-1º         |
| De Barros Forte, Manuel . . . . .              | Rúa Trav. Brasil, nº 4-1º         |
| Carrelo Morais, Vera Lucia . . . . .           | Rúa Cal, nº 31                    |
| Carrelo Morais, Vasco Federico . . . . .       | Rúa Cal, nº 31                    |
| De Castro Carrelo Morais, Idalina . . . . .    | Rúa Cal, nº 31                    |
| De Castro Rodrigues Morais, Vasco . . . . .    | Rúa Cal, nº 31                    |
| Flores Aldeias, Abilio . . . . .               | Rúa Malteses, nº 10               |
| Martineau, Sandrine Maryline . . . . .         | Rosentes, nº 11                   |
| Silva Nachari, Nelson Victor . . . . .         | Rúa Manuel Alvarez, nº 16-1ºF     |
| Stevan Avogaro, Jacqueline . . . . .           | Rúa Galicia, nº 99                |
| Nunes Quintela, Francisco Roberto . . . . .    | Praza de Bautista Alonso, nº 5-3º |
| Fangueiro Maravalhas, Joao Carlos . . . . .    | Rúa Malteses, nº 127-1º           |

#### RELACIÓN DOS MENORES DE IDADE

S. de M., I. . . . . Rúa de Subida ó Torroso, nº 6

Contra dito decreto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente o recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses a contar do modo antes indicado. Se se optara por interpoñer recurso de reposición potestativo no poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Guarda, a 20 de agosto de 2014.—O Alcalde, Jose Manuel Domínguez Freitas.

2014007286

\* \* \*

## M A R Í N

### A N U N C I O

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA

Por Resolución do Concelleiro delegado de Facenda do día 11 de agosto de 2014, foi aprobado o padrón fiscal correspondente ao concepto tributario Imposto sobre actividades económicas do ano 2014.

Os interesados poderán examinar o padrón fiscal e a lista cobratoria por un prazo dun mes contado a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Contra ditas liquidacións poderá formularse, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Marín, conforme ao establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Durante o prazo comprendido entre os días 1 de setembro e 31 de outubro, procederase ao cobro en período voluntario das liquidacións anuais do Imposto sobre actividades económicas, comprendidas na lista cobratoria a que se fixo referencia.

Dito cobro efectuarase a través das seguintes entidades colaboradoras: ABANCA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Caixabank-La Caixa, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular e Banco Sabadell-Gallego, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. Non obstante, se dito documento de pago non fora recibido antes do 1 de outubro de 2014, os interesados poderán solicitalo nas dependencias da Tesourería-Recadación do Concello de Marín.

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e 24 do Regulamento Xeral de Recadación.

Marín, a 12 de agosto de 2014. — A Alcaldesa-Presidenta, María Pilar Ramallo Vázquez. **2014007354**

---

## A N U N C I O

### NOTIFICACIÓN COLECTIVA

Por Resolución do Concelleiro delegado de Facenda do día 19 de agosto de 2014, foi aprobado o padrón fiscal correspondente ao concepto tributario do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI).

Os interesados poderán examinar o padrón fiscal a lista cobratoria por un prazo dun mes contado a partir do seguinte a publicación desde anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Contra ditas liquidacións poderá formularse, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra, recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Marín, conforme o establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Durante o prazo comprendido entre os días 1 de setembro e 31 de outubro, procederase ao cobro en período voluntario das liquidacións anuais do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana (IBI), comprendida na lista cobratoria a que se fixo referencia.

Dito cobro efectuarase a través das seguintes entidades colaboradoras: ABANCA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, La Caixa-CaixaBank, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular e Banco Sabadell-Gallego, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. Non obstante, se dito documento de pago non fora recibido antes do 1 de outubro de 2014, os interesados poderán solicitalo nas dependencias da Tesourería-Recadación do Concello de Marín. Para os recibos domiciliados se remitirá aviso de cargo.

Transcurrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeneren, de conformidade co establecido nos artigos 26,28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributario, e 24 do Regulamento Xeral de Recadación.

Marín, a 19 de agosto de 2014. — A Alcaldesa-Presidenta, María Ramallo Vázquez. **2014007355**

**A N U N C I O****NOTIFICACIÓN COLECTIVA**

Por Resolución do Concelleiro delegado de Facenda do día 13.08.2014, foi aprobado o padrón fiscal correspondente ao concepto tributario Imposto sobre bens inmobles de características especiais (BICES).

Os interesados poderán examinar o padrón fiscal e a lista cobratoria por un prazo de un mes contado contado a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Contra ditas liquidacións poderá formularse, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Marín, conforme ao establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Durante o prazo comprendido entre os días 1 de setembro e 31 de outubro, procederase ao cobro en período voluntario das liquidacións anuais do Imposto sobre bens inmobles de características especiais (BICES) comprendidas na lista cobratoria a que se fixo referencia.

Dito cobro efectuarase a través das seguintes entidades colaboradoras: ABANCA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, La Caixa-Caixabank, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular e Banco Sabadell-Gallego, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. Non obstante, se dito documento de pago non fora recibido antes do 1 de outubro de 2014, os interesados poderán solicitalo nas dependencias da Tesourería-Recadación do Concello de Marín. Para os recibos domiciliados se remitirá aviso de cargo.

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e 24 do Regulamento Xeral de Recadación.

Marín, a 3 de Setembro de 2014. — A Alcaldesa-Presidenta, María Ramallo Vázquez. **2014007356**

\* \* \*

**PONTEAREAS****A N U N C I O**

A Corporación Municipal en sesión do 7 de agosto de 2014 acordou aprobar provisionalmente a modificación presupostaria número 2014-CRETS-12 e recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de diversos acreedores por importe total de 268.739,00 euros.

O expediente sométese a información pública polo prazo de 15 días hábiles para os efectos de reclamacións durante o devandito prazo ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante dito prazo non se presentan reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte a finalización do da exposición ao público.

O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación provisional será inserto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

Ponteareas, a 29 de agosto de 2014. — O Alcalde, Salvador González Solla. **2014007361**

\* \* \*

**REDONDELA**

## A N U N C I O

*O pleno do Concello de Redondela, na súa sesión ordinaria de data 05/06/2014, aprobou inicialmente o Regulamento do servizo das instalacións do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela.*

O expediente foi sometido ao trámite de información polo prazo de trinta días, mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 32, de data 02/07/2014, así como anuncios no taboleiro e na páxina web do Concello, sen que se produciran reclamacións nin suxerencias, de modo que o regulamento enténdese definitivamente aprobado co texto que a continuación se transcribe:

**REGULAMENTO DE SERVIZO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO  
DE DEPORTES ACUÁTICOS (CDA) DE CHAPELA***CAPITULO I. MARCO NORMATIVO E OBXECTO**ART. 1.—MARCO NORMATIVO*

O marco normativo refírese a este regulamento como conxunto de normas e pautas reguladoras e inspiradoras da actividade cotiá do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, elaboradas ao abeiro e en desenvolvemento da normativa aplicable, e demais disposicións concordantes, que xunto coas directrices emanadas do Concello de Redondela, servirán de referencia obxectiva e obrigada no desenvolvemento dos servizos prestados polo CDA.

*ART. 2.—OBXECTO DAS INSTALACIÓNS DO CDA DE CHAPELA*

O funcionamento das instalacións deportivas do CDA DE CHAPELA teñen os seguintes obxectivos:

- a. Promover o acceso do cidadán ao deporte, sen discriminación nin límite de idade, á práctica deportiva, consciente de que dita actividade leva consigo beneficiosos efectos sobre a saúde e a ocupación do tempo de lecer.
- b. Promover cursos de natación de diferentes niveis co obxectivo de propiciar o ensino da natación entre a poboación.

*CAPÍTULO II. USUARIOS: DEREITOS, DEBERES E INFORMACIÓN**ART. 3.—USUARIOS*

Poderán ser usuarios todas as persoas físicas e xurídicas cuxas actividades coincidan co uso fundamental da instalación.

- Particulares.
- Clubes, Agrupacións ou Asociacións Deportivas.
- Centros Escolares e Universitarios.
- Organismos Oficiais.
- Federacións ou Delegacións Deportivas.
- Outros (Asociacións Culturais, Recreativas, etc.).

*ART. 4.—DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS*

- a. Os/as usuarios/as terán o dereito a acceder a todos os servizos que se presten no CDA e participar nas actividades programadas nos horarios e pautas sinalados neste regulamento.
- b. A percibir información dos programas e actividades que se desenvolvan no centro.

- c. Ser atendidos de maneira eficiente e correcta por todo o persoal do CDA, que estará identificado ante o usuario en todo momento.
- d. Exercer todos os dereitos fundamentais (información, participación, igualdade, liberdade, etc.).

#### ART. 5.—DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

Son deberes e obrigas dos usuarios e das usuarias:

- a. Cumprir as disposicións que regulan os distintos servizos que ofrece o CDA contados neste documento coa finalidade de respectar os dereitos dos/as outros/as usuarios/as.
- b. Utilizar os recursos materiais e medios auxiliares do centro con respecto e coidado, para garantir a máxima durabilidade e uso compartido por todos/as os/as usuarios/as.
- c. Seguir as pautas de convivencia e trato correcto dos profesionais que traballan no centro, así como respecto doutros/as usuarios/as.
- d. Facer bo uso dos recursos de información que o CDA pon á súa disposición.
- e. Colaborar para manter o correcto funcionamento do servizo. Cumprir as indicacións do persoal do centro, e sempre que se llo solicite, identificarse como usuario.

#### ART. 6.—INFORMACIÓN AOS USUARIOS

Toda a información, inscrición e reserva de horarios poderá ser obtida no propio centro, situado en rúa San Telmo n.º 60 Chapela (Redondela) ou en calquera outro punto que se determine polos órganos municipais.

#### ART. 7.—INSCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN DOS USUARIOS/AS

O acceso ás instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

- a. Entradas de uso libre.
- b. Abonados nas súas distintas modalidades
  - b.1 abonado individual xeral
  - b.2 abonado individual mañá
  - b.3 abonado familiar 2 ou 3 membros
  - b.4 abonado familiar 4 ou máis membros
  - b.5 abonado especial (maiores de 65, discapacitados e ingresos reducidos)
  - b.6 abono xuvenil
- c. Asistentes aos cursos.
- d. Colectivos e grupos organizados, mediante as modalidades de aluguer total ou parcial das instalacións, previa autorización da empresa concesionaria. O custe do aluguer debe abonarse no momento de reservar o aluguer, o custe por canle será de 18 euros por hora, e no suposto de aluguer de todo o vaso será de 60 euro por hora.

Para o acceso polo procedemento “a” deberanse obter as entradas correspondentes no Centro. O acceso libre terá unha duración máxima de 90 minutos.

Para o acceso dos abonados e asistentes aos cursos establécese como requisito amosar o carné actualizado no pagamento das cotas. Os carnés de abonado son persoais e intransferibles e autorizan, estando vixentes, ao uso e goce das instalacións nos seus períodos de apertura ao público. A condición de abonado perderase cando se incumpra a obriga de pagamento nos prazos determinados pola empresa concesionaria coas bonificacións que, no seu caso, se establezan.

Os nenos menores de 14 anos deberán acceder ao centro acompañados dun responsable maior de idade. Prohíbese o acceso a menores de 16 anos á sala de fitness.



As persoas que accedan ás instalacións en calquera das modalidades establecidas nos apartados “c” e “d”, poderán permanecer nelas só durante os programas nos que interveñan ou nos concedidos como aluguer. Os colectivos e grupos organizados formalizarán o pagamento do aluguer total ou parcial da instalación no momento de formalizaren a reserva. O pagamento de calquera curso ou actividade terá validez para o mes en curso polo que rematará o servizo contratado o último día do mes que foi pago.

Tanto os grupos de natación escolar como outros colectivos específicos, virán sempre acompañados dun/ha encargado/a, o/a cal será en todo momento responsable do grupo dentro da instalación.

Nos supostos de realización de competicións no centro, corresponderalle á entidade organizadora o control da orde no recinto, tanto na zona de vaso, como vestiarios e bancadas, e responsabilizarse do axeitado uso das instalacións.

O Concello de Redondela, ou no seu caso, a empresa concesionaria, resérvase o dereito de solicitar o Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todos os que accedan ás instalacións municipais por ela xestionadas.

Para realizar a inscrición será preciso entregar a documentación solicitada en función do abono ou curso elixido e cumprimentar o formulario correspondente. Unha vez realizada e aceptada a inscrición, incluírase o novo usuario/a no Libro de Rexistro de Usuarios/as e dotaráselle dun carné.

O/a interesado/a quedará inscrito tras satisfacer a matrícula máis a cota correspondente de conformidade á ordenanza de prezos públicos reguladora, e cumprir todos os trámites de inscrición.

A inscrición e/ou posesión do carné de usuario/a é requisito necesario, pero non suficiente para acceder aos servizos do CDA. Para participar nas actividades, os usuarios/as deberán aboar os prezos públicos establecidos na ordenanza en vigor.

Para darse de baixa no abono ou curso será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles, á empresa concesionaria antes do día 15 do mes anterior ao que se produce a baixa. Os abonados dados de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta.

Todo abonado poderá acollerse a unha cota de excedencia un mes no ano, no que satisfacendo o prezo público conforme a ordenanza en vigor, o abonado terá dereito a conservación da matrícula e da praza.

Os pagos dos abonos faranse única e exclusivamente por domiciliación bancaria. Só se poderá facer o pago en metálico da matrícula do primeiro mes, si a alta se produce despois do día un. Este pago en metálico afectará a matrícula e cota de ese mes, os pagamentos posteriores, faranse por domiciliación bancaria en todos os casos.

#### ART. 8. – SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

Na oficina de recepción do Centro de Deportes Acuáticos estará dispoñible o libro de reclamacións oficial, onde todo/a usuario/a do Centro poderá presentar a reclamación que considere oportuna, coa conseguinte fundamentación, da que lle será expedida copia.

As reclamacións serán atendidas en primeira instancia pola empresa concesionaria do servizo, dándolle conta ao Concello de Redondela no prazo de 48 horas a través dun correo electrónico que o Concello disporá para tal uso, sen prexuízo das tramitacións ás instancias competentes para garantir os dereitos fundamentais dos/as usuarios/as.

Todas as reclamacións serán contestadas no prazo legal establecido.

Na recepción do Centro de Deportes Acuáticos instalarase un buzón de suxestións para estimular a iniciativa, proposta e participación dos/as usuarios/as que desexen aportar as súas ideas ou propostas de mellora.

#### ART. 9. – PROGRAMA ANUAL

Anualmente, a empresa concesionaria da xestión deberá elaborar unha programación das actividades que incluírá, como mínimo, os seguintes apartados:

- a. Informe sobre o funcionamento do CDA nos 12 meses anteriores:
- Avaliación cuantitativa sobre a utilización dos servizo e dos seus distintos programas e actividades.
  - Avaliación cualitativa sobre a eficiencia dos servizos prestados.
  - Recomendacións e suxestións realizadas polos usuarios/as e o propio equipo do CDA.
- b. Programación das actividades que realizará no seguinte ano.
- Esta programación será remitida ao Concello de Redondela para a súa aprobación.

### CAPÍTULO III. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

#### ART. 10. – HORARIO DE APERTURA E ACTIVIDADE

Con carácter xeral, o horario da instalación é:

De setembro a xuño:

- De luns a venres: de 07:30 a 13.30 e de 16:00 a 22:30 horas.
- Sábados: de 9:00 a 13:30 e de 17:00 a 21:00 horas.
- Domingos e festivos: Pechado

Xullo, agosto e setembro:

- De luns a venres: de 8:00 a 14.00 e de 18:00 a 22:30 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:30
- Domingos e festivos: pechado

Ademais destes horarios establecidos, en épocas de circunstancias especiais vinculadas a vacacións escolares tales como Semana Santa ou Nadal, os horarios, tanto de apertura do Centro, como das actividades propostas, poderán variar.

O pleno do Concello de Redondela, previa proposta da concesionaria e de acordo coa demanda dos usuarios, trala consideración das circunstancias que procedan, poderá realizar a adaptación destes horarios sempre que non estean por debaixo das 65 horas semanais e 35 horas semanais nos meses de xullo, agosto e setembro.

A distribución do espazo dispoñible, tanto para uso libre como para cursos, estará reflectida nos cuadrantes de utilización, que indicarán os usos reais das instalacións, aínda que se pode proceder á súa modificación cando razóns organizativas así o aconsellasen, avisando aos usuarios con antelación suficiente.

A utilización que se determine das canles, tanto de uso libre como de curso, estará en función da demanda existente, e poderán ser de nado lento, nado rápido, nado de adestramento ou canles reservadas para asistentes a cursos.

O Concello de Redondela, ou no seu caso, a empresa concesionaria do servizo, anunciará oportunamente os peches das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos e outras causas.

#### ART. 11. – NÚMERO MÁXIMO DE USUARIOS/AS

A capacidade máxima do CDA, cun vaso de 25 x 12,5 m, será de 104 usuarios.

A capacidade do ximnasio e salas de actividades dirixidas, virá determinada polo número de aparellos e as rotacións que sexan programadas polo monitor ou encargado. O número máximo de usuarios dentro da sala fitness será de 100, a sala 1 terá capacidade para 30 persoas e a sala 2 terá capacidade para un máximo de 40 persoas.

*ART. 12. – UTILIZACIÓN DOS VESTIARIOS*

A utilización dos vestiarios será determinada pola Dirección das instalacións, e dítaranse as ordes oportunas ao seu persoal co obxectivo de que cada colectivo utilice o espazo que teña reservado. Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian a facer uso das instalacións, agás os acompañantes dos asistentes a cursos que, pola súa idade ou condicións, non sexan capaces de espirse nin vestirse con autonomía. Os nenos e nenas menores de 6 anos poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo das persoas que os acompañe.

Os vestiarios de nenos e nenas serán unicamente utilizados polos nenos menores de sete anos cos correspondentes acompañantes. En horarios especiais, podería limitarse o uso destes vestiarios por acompañantes, para garantir a privacidade dos nenos e nenas asistentes aos cursiños ofertados.

A natación escolar virá sempre acompañada por un responsable.

*ART. 13. – TAQUILLAS*

Estarán ao dispor dos/as usuarios/as armarios de gardarroupa, co obxectivo de que tanto as pezas de roupa como as pertenzas persoais queden recollidas nos lugares habilitados para o efecto.

Todo/a usuario/a que utilice os armarios deberá deixalos baleiros ao remate da actividade. Polo tanto, queda prohibido gardar un armario para uso persoal. Os armarios que permanezan pechados ao remate da xornada serán abertos e baleirados polo persoal do CDA, sen facerse responsables do material atopado.

Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro lugar da instalación, permanecerán na zona de “obxectos perdidos” durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non é reclamado polo seu propietario, a dirección entregará ditos obxectos á Policía Local ou a entidades de beneficencia.

O Concello de Redondela, ou no seu caso a empresa concesionaria do servizo, non se responsabiliza dos obxectos substraídos, extraviados, cambiados ou deteriorados dentro das súas instalacións e/ou armarios.

Queda prohibido deixar roupa ou calquera pertenza fora dos armarios gardarroupa que cada vestiario ten destinados a ese fin.

*ART. 14. – IDENTIFICACIÓN DO PERSOAL*

O persoal da instalación, que estará identificado, será o responsable de facerlles cumprir a todos os usuarios as normas de uso, e pode, no seu caso, expulsar do recinto a quen incumpra o contido deste Regulamento.

*CAPÍTULO IV. REGULAMENTO DE USO**ART. 15. – NORMAS DE USO INTERNO*

Establécense as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

*1. – Normas xerais:*

- a. Os/as usuarios/as manterán limpas as instalacións, utilizando as papeleiras do recinto.
- b. Os/as usuarios/as respectarán e coidarán o material deportivo, mobiliario, así como a totalidade das dependencias.
- c. Está prohibido comer e fumar nas instalacións.
- d. Os/as usuarios/as deberán comezar e finalizar puntualmente o desfrute das instalacións, respectando os horarios de apertura e peche das mesmas.
- e. As chaves das taquillas non se poderán sacar fóra das instalacións.

- f. Os/as usuarios/as accederán ao recinto con trinta minutos de antelación á hora reservada. Concluídas as actividades, os usuarios terán un máximo de vinte minutos para abandonar as instalacións.
- g. O tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- h. Para acceder ás instalacións será imprescindible que os/as usuarios/as leven o carné de abonado/cursillista ou o resguardo provisional, e no caso dos/as usuarios/as puntuais a entrada correspondente.
- i. Cando a utilización sexa por grupos, o delegado, adestrador ou persoa que represente ao usuario/a será responsable dos danos ou estragos ocasionados con motivo da utilización indebida das instalacións, para o cal levarase a cabo unha revisión das dependencias co persoal do CDA, antes e despois da actividade.
- j. Os/as usuarios/as utilizarán as instalacións para as actividades, niveis e categorías autorizadas previamente, non podendo variar as mesmas sen autorización, nin ceder os dereitos a terceiros.
- k. A dirección e xestión non se fai responsable dos danos, lesións ou accidentes que poidan ter os/as usuarios/as nas instalacións, e en caso de que a lesión sexa por negligencia do persoal ou defectos da instalación, estes incidentes deberán ser comunicados antes de abandonar a mesma. A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.
- l. Non se permite a entrada con bicicletas, patíns, monopatíns, animais, envases e obxectos de cristal, así como outros obxectos que, a criterio da Dirección da instalación, sexan inaxeitados.
- m. O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado deportivo axeitados.
- n. Non se permite afeitarse, depilarse, nin o uso de tintes para o cabelo en ningún recinto da instalación.
- o. Recoméndase a todos os/as usuarios/as que se sometan a un recoñecemento médico previo á práctica deportiva, sobre todo aqueles que permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade de carácter crónico.
- p. A dirección resérvase o dereito de modificar ou suprimir actividades ou o contido das sesións, avisando aos afectados con antelación suficiente.
- q. A solicitude de aluguer de canles deberá facerse, con polo menos quince días de antelación e cando se trate de campionatos cun mínimo dun mes de antelación. E debe de aprobarse pola concesionaria en función do servizo.
- r. O acceso ao Centro realizarase pola zona de control, debendo adquirir previamente a entrada ou abono correspondente, co prezo estipulado na Ordenanza de Prezos Públicos por uso e goce nas Instalacións Deportivas Municipais e igualmente ao acceder á instalación poderase solicitar a acreditación de identidade do/a usuario/a.
- s. No momento de notificar a baixa, se o abonado ten unha cota familiar, deberá especificar se todos os membros queren a baixa. En caso contrario, o/a abonado/a que continúe na instalación acollerase á nova situación.
- t. No caso de perder o carné de abonado/cursillista ou a chave da taquilla, deberase notificar en recepción.
- u. A dirección e xestión das instalacións resérvase o dereito de anular a venta de entradas de acceso libre ou puntuais se a afluencia ao centro o require, coa conseguinte xustificación.
- v. Todos os datos persoais facilitados á empresa que xestiona as instalacións serán debidamente tratados segundo o exposto na Lei 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal e/ou outras normativas competentes.
- w. En calquera momento a instalación poderá notificar novas normas, de cumprimento obrigado para tódolos usuarios, para o mellor funcionamento da instalación, tanto como complemento como para substitución das presentes, previa autorización do Concello.

*2. Normas de uso do centro:*

- a. Para permitir o acceso de menores de 14 anos, estes deberán ir acompañados por unha ou máis persoas, maiores de idade, que se fagan responsables dos devanditos menores, excepto no caso de cursos con monitor.
- b. Os usuarios do centro quedarán obrigados a atender as indicacións do persoal (encargados, socorristas, outros) no correcto desenvolvemento das súas funcións.
- c. O uso de lentes de cristal, aletas, flotadores, colchonetas ou outros artigos de recreo queda prohibido.
- d. É de uso obrigatorio a utilización de bañador e gorro de baño para todos os/as usuarios/as.
- e. É obrigatoria a ducha antes da inmersión no auga da piscina.
- f. É obrigatorio o uso de calzado de baño persoal (chancletas ou similares) na zona de baño e nos vestiarios.
- g. Non está permitido correr pola zona de praia nin lanzarse ao auga de cabeza en carreira ou desde as banquetas de saída.
- h. Non se permiten os xogos violentos, actividades perigosas, carreiras ou actuacións que alteren a seguridade e que sexan contrarias ao bo gusto, ao comportamento social correcto e a todas aquelas que poidan ser molestas para o resto dos bañistas.
- i. Aquelas persoas que padezan algunha enfermidade que conleve risco deberan notificalo na folla de inscrición e informar ao socorrista cada vez que entren na piscina ou na sala de fitness.
- j. Non poderán utilizar de forma libre a piscina aquelas persoas que non saiban nadar.
- k. Non poderán entrar na zona reservada a bañistas aquelas persoas que padezan algunha enfermidade que pola súa natureza poda contaxiarse a través da auga.
- l. En caso de sentir calquera tipo de molestia, deberase saír do auga e comunicarllelo ao socorrista.
- m. Ao nadar é obrigatorio circular sempre pola dereita da canle empregada.
- n. Si se precisa algún elemento para a aprendizaxe da natación pódese solicitar ao socorrista, devolvéndoo posteriormente en bo estado de uso e colocándoo nos compartimentos habilitados para o efecto.

*3. Normas de uso da sala fitness:*

- a. É preciso levar unha toalla para colocala enriba das máquinas ou aparellos dos que se faga uso, coa finalidade de evitar que a suor caia sobre os aparellos.
- b. É obrigatoria a utilización de roupa e calzado deportivo de uso exclusivo.
- c. Prohíbese acceder á sala de fitness con calzado empregado previamente no exterior da instalacións.
- d. Débese facer un uso correcto das máquinas e do peso libre. En caso de dúbida débese consultar ao monitor ou encargado.
- e. Non se permite realizar exercicios co torso espido.
- f. Prohíbese o acceso a menores de 16 anos.
- g. O uso libre dos aparellos estará supervisado polo monitor, mentres que nas actividades dirixidas, será o monitor o que os asigne.
- h. Os/as usuarios/as con rutinas de traballo, unha vez finalizado o seu uso, deberán deixar as correspondentes fichas no ficheiro da instalacións pois non son da súa propiedade.
- i. Despois de utilizar o peso libre, deixarase colocado no lugar habilitado.
- j. O material das salas 1 e 2 e de uso exclusivo nas actividades dirixidas, queda a expensas do monitor responsable da sala, a decisión sobre o uso ou non do mesmo fora deses horarios.

- k. Deberase respectar a listaxe de espera nos aparellos que a teñan, así como o seu tempo máximo de uso.
- l. Finalizada a actividade deberase abandonar a sala.

## CAPÍTULO V. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

### ART. 16:

#### 1. Carácter das infraccións

O incumprimento por parte dos/as usuarios/as das normas establecidas no presente Regulamento de Servizo terá o carácter de infracción e será susceptible de sanción sen prexuízo das responsabilidades civís, penais e de outro orden que puideran concorrer. A conveniencia e medida das sancións será xulgada pola dirección do CDA. As posibles sancións terán en todo momento unha finalidade reeducadora e de modificación de hábitos, debendo estar plenamente xustificadas na súa motivación e adaptadas á intensidade da falta, á idade do sancionado e ao obxectivo reeducador que se pretende.

#### 2. Aplicaranse os seguintes criterios:

- a. Para a graduación das sancións terase en conta a gravidade da infracción a reincidencia e os prexuízos ocasionados aos usuarios e as instalacións.
- b. As infraccións poderán dar lugar a expulsión do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de usuario, abonado ou cursillista.
- c. Con independencia da imposición das sancións procedentes, si algunha infracción levara consigo un deterioro, rotura ou desperfecto dalgún elemento da instalación deportiva o infractor deberá abonar o importe das reparacións ou reposicións de materiais, que sexa preciso realizar.
- d. A todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras das actividades ou, no seu caso, aquelas que efectuaran o aluguer de uso da instalación. As reincidencias na comisión de infraccións poderán dar lugar a anulación ou suspensión temporal das reservas que se poideran conceder as devanditas entidades.

As infraccións cualificaranse en tres tipos:

#### 1. *Infraccións leves*

1.1. Considerarase infracción leve o incumprimento dos deberes e prohibicións contidos no artigo 12 de este regulamento, cando as consecuencias dos mesmos non dean lugar a cualificación de infracción grave.

1.2. O trato incorrecto a outros usuarios, ou empregados da instalación deportiva.

1.3. Causar danos leves de forma voluntaria a instalación, material ou mobiliario de equipamento do Centro Deportivo

#### 2. *Infraccións graves:*

2.1. O cúmulo de tres sancións leves durante un ano, contado dende que se produciu a primeira.

2.2. O insulto grave a outros usuarios ou empregados da instalación deportiva.

2.3. Causar danos graves de forma voluntaria a instalación, material ou ao mobiliario con que estean equipados.

2.4. A agresión física a outros usuarios ou empregados de la instalación.

2.5. O acceso as instalacións do Centro Deportivo sen previa retirada do ticket ou abono correspondente o usen tarxeta identificativa.



### 3. *Infraccións moi graves:*

3.1. O cúmulo de tres faltas graves durante un ano, contado dende que se produciu a primeira.

3.2. A agresión física a outros usuarios, ou empregados das instalacións con consecuencias graves para a súa saúde.

3.3. Causar danos moi graves de forma voluntaria á instalación, ao material ou ao mobiliario con que estean equipados.

As faltas leves poderán ser sancionadas co apercibimento por escrito ou a perda da condición de usuario ou abonado por un período entre 5 e 30 días, ou coa imposición dunha multa económica segundo a gravidade da falta cometida, podendo chegar a 100 euros.

As faltas graves poderán ser sancionadas coa perda da condición de abonado ou usuario ou coa imposición dunha multa económica segundo a gravidade da falta cometida, podendo chegar a 300 euros

As faltas moi graves poderán ser sancionadas coa perda da condición de abonado ou usuario por un período comprendido entre tres tempadas de baño ou coa imposición dunha multa económica segundo a gravidade da falta cometida que poderá chegar a 1000 euros

As infraccións as que fai referencia este Regulamento serán sancionadas de acordo cun procedemento que garanta o dereito de audiencia e oposición do inculpado que poderá recorrer a sanción ante o alcalde do Concello de Redondela, consonte co establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común e o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para a execución da potestade sancionadora.

## CAPÍTULO VI. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### ART. 17.—NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Todos os servizos do C.D.A. Chapela terán en conta a necesidade de normalización da lingua galega.
- Todos os modelos de documentos a disposición do público serán redactados en galego
- As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia faranse en lingua galega.
- O persoal do C.D.A. Chapela empregará o galego como lingua normal na comunicación cos/as usuarios/as.
- Os documentos públicos e contractuais redactados polo C.D.A. Chapela redactaranse en galego.
- A publicidade, cartelería e calquera tipo de información en calquera medio de comunicación, farase en lingua galega.
- A única forma oficial dos topónimos será a galega.

## CAPÍTULO VII. PROTECCIÓN DE DATOS

### ART.18.—

O adxudicatario, no seu caso, e o persoal que preste os servizos no centro, sexa cal sexa o modo de xestión da mesma, obrígase:

- A tratar os datos de carácter persoal unicamente coa finalidade de prestar o servizo ou servizos contratados e non os utilizará cunha finalidade distinta que a estritamente necesaria para a prestación dos servizos citados.
- A non comunicar os datos de carácter persoal tratados en virtude do servizo a ningún terceiro, nin para a súa conservación.
- A adoitar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso en virtude do servizo, en función do nivel



de seguridade que lles sexa aplicable, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado xa proveña da acción humana, física ou natural, de acordo co establecido no artigo 9 da LOPD, desenvolvido polo R.D. 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

- d. A garda de segredo profesional dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude do servizo aínda despois de finalizada a relación xurídica en razón da cal teña acceso aos mesmos.

### *CAPITULO VIII. PREZOS PÚBLICOS*

#### *ART. 19. – PREZOS PÚBLICOS*

A través da correspondente ordenanza de prezos o Concello de Redondela fixará os prezos públicos para as actividades do Centro de Deportes Acuáticos.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

O funcionamento do CDA de Chapela de titularidade municipal xestionado indirectamente rexeráse polas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas correspondente e polas disposicións contidas neste Regulamento.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

Para todo o non previsto nesta regulamentación, estarase ao disposto na normativa autonómica, así como na normativa de réxime local e procedemento administrativa que sexa de aplicación.

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Redondela, que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

O Regulamento de Servizo do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela entrará en vigor de acordo co artigo 79 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Redondela, a 21 de agosto de 2014.

**2014007280**

\* \* \*

## **SANXENXO**

### **A N U N C I O**

*Exposición pública do padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de augas.*

Configurado pola empresa concesionaria do/s servizo/s o Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga correspondente ao 2º trimestre de 2014, o citado Padrón estará a disposición do público durante 15 días dende a publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na Rúa Alexandre Bóveda, 10 (Edificio Condessa P2) de Sanxenxo, en horario de 9:00 a 13:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra estes actos poderá formularse perante a Sra. Alcadesa, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos termos previstos en dito precepto legal.



Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINAY DELFÍN, abertas ao público de 9,00 a 13,00 horas, e de luns a venres, en período voluntario ate ó vindeiro 31 de outubro.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan.

Sanxenxo, a 20 de agosto de 2014.—A alcaldesa, Catalina González Bea.

**2014007281**

\* \* \*

## **VILABOA**

### **A N U N C I O**

Fago público o Decreto da Alcaldía que se transcribe:

#### *DECRETO DA ALCALDÍA 451 /2014*

Visto o erro material observado no Decreto da Alcaldía 429/2014, do 6 de agosto, que establece o as vacacións e delegación de funcións do alcalde por este motivo no período do 25 ao 31 de agosto, cando debe ser do 25 ao 29 de agosto

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/1992 que establece que “As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

### **R E S O L V O**

Primeiro.—Rectificar o erro material observado co que dito Decreto queda redactado do seguinte xeito:

“Dada a miña ausencia por vacacións dende o 11 ó 17 de Agosto e do 25 ó 29 de Agosto, ambos inclusive, así como das vacacións da Primeira Tenente de Alcalde, Ornela Fernández Salgado do 15 ó 24 de agosto en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e de acordo cos artigos 44.1 e 2 e 47 do ROF 2568/1986, de 28 de novembro,

### **R E S O L V O :**

1.—Delegar as funcións desta Alcaldía en favor da primeira tenente de alcalde, Ornela Fernández Salgado, durante os días 11 ó 14 de agosto e do 25 ó 29 de agosto.

2.—Delegar as funcións desta Alcaldía en favor do segundo tenente de alcalde, Jose Luis Madrazo Viadero, durante os días 15 ó 17 de agosto.

3.—A presente delegación terá efectos dende o día seguinte á data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello.”

Vilaboa, 20 de agosto de 2014.—O alcalde, José Luis Poceiro Martínez.

**2014007277**

**A N U N C I O****DELEGACIÓN DE FUNCIONES DA ALCALDÍA**

Fago público o Decreto da Alcaldía que se transcribe:

**D E C R E T O   D A   A L C A L D Í A   4 2 9   /   2 0 1 4**

Dada a miña ausencia por vacacións dende o 11 ó 17 de Agosto e do 25 ó 31 de Agosto, ambos inclusive, así como das vacacións da Primeira Tenente de Alcalde, Ornela Fernández Salgado do 15 ó 24 de agosto en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e de acordo cos artigos 44.1 e 2 e 47 do ROF 2568/1986, de 28 de novembro,

**R E S O L V O :**

- 1.—Delegar as funcións desta Alcaldía en favor da primeira tenente de alcalde, Ornela Fernández Salgado, durante os días 11 ó 14 de agosto e do 25 ó 31 de agosto.
- 2.—Delegar as funcións desta Alcaldía en favor do segundo tenente de alcalde, Jose Luis Madrazo Viadero, durante os días 15 ó 17 de agosto.
- 3.—A presente delegación terá efectos dende o día seguinte á data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello.

Vilaboa, 6 de agosto de 2014.—O alcalde, José Luis Poceiro Martínez.

**2014007276****A N U N C I O****ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO SOLO INDUSTRIAL DO SECTOR UDI-4, CONNORSA.**

Por Decreto de Alcaldía do 30 de agosto de 2014, aprobouse inicialmente o proxecto de urbanización do Solo Industrial do sector UDI-4, CONNORSA, de desenvolvemento da modificación puntual nº 2 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Vilaboa.

De conformidade co disposto no artigo 110.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sométese a información pública por prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do último dos edictos que se inserirán no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no xornal Faro de Vigo. Durante ese prazo os interesados poderán consultar o expediente nas oficinas municipais e presentar as alegacións que xulguen oportunas.

Vilaboa, a 30 de agosto de 2014.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez.

**2014007400**

\* \* \*

**VILANOVA DE AROUSA****E D I C T O**

O Pleno do Concello de Vilanova de Arousa, en sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de xullo de 2014, aprobou o Orzamento Xeral para o exercicio 2014. Este acordo é publicado no BOP núm. 150 do 6 de agosto de 2014, iniciando o prazo de exposición ao público, finalizado o cal sen que se presentasen reclamacións, considérase definitivamente aprobado, de acordo co que establecen o art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o art. 20.1 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En cumprimento do disposto nos arts. 169.3 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 127 do RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, publícase o Orzamento Xeral resumido por Capítulos, así como o cadro de persoal.

**ESTADO DE INGRESOS****ESTADO DE GASTOS**

| <i>CAP.</i>  | <i>DESCRIPCIÓN</i>                       | <i>PREVISIÓNS INICIAIS</i> | <i>DESCRIPCIÓN</i>                      | <i>PREVISIÓNS INICIAIS</i> |
|--------------|--|----------------------------|---|----------------------------|
| 1            | IMPUESTOS DIRECTOS                       | 1.928.837,95               | GASTOS DE PERSONAL                      | 2.645.248,88               |
| 2            | IMPUESTOS INDIRECTOS                     | 299.000,00                 | GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS | 2.375.429,37               |
| 3            | TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS | 1.334.000,25               | GASTOS FINANCIEROS                      | 441.698,10                 |
| 4            | TRANSFERENCIA CORRIENTES                 | 2.495.260,51               | TRANSFERENCIAS CORRIENTES               | 71.800,00                  |
| 5            | INGRESOS PATRIMONIALES                   | 148.521,01                 |   |                            |
| 6            | ENAJENACION DE INVERSIONES REALES        | 0,00                       | INVERSIONES REALES                      | 113.000,00                 |
| 7            | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                | 0,00                       | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL               | 38.000,00                  |
| 8            | ACTIVOS FINANCIEROS                      | 3.000,00                   | ACTIVOS FINANCIEROS                     | 0,00                       |
| 9            | PASIVOS FINANCIEROS                      | 0,00                       | PASIVOS FINANCIEROS                     | 523.443,37                 |
| <b>TOTAL</b> |  | <b>6.208.619,72</b>        | <b>TOTAL</b>                            | <b>6.208.619,72</b>        |

**CADRO DE PERSOAL  
FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| <i>ESCALA</i>   | <i>SUBESCALA</i>             | <i>GRUPO</i> | <i>PRAZAS</i> | <i>SITUACIÓN</i>         |
|-----------------|------------------------------|--------------|---------------|--------------------------|
| Hab. nacional   | Secretaría                   | A1           | 1             | CUBERTA                  |
| Hab. nacional   | Intervención                 | A1           | 1             | VACANTE                  |
| Admón. Xeral    | Técnico                      | A1           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Xeral    | Tesoureiro                   | A2           | 1             | VACANTE                  |
| Admón. Xeral    | Administrativo Xefe de Grupo | C1           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Xeral    | Administrativo               | C1           | 4             | CUBERTAS                 |
| Admón. Xeral    | Aux. adtivo.                 | C2           | 11            | 10 CUBERTAS<br>1 VACANTE |
| Admón. Xeral    | Conserxe                     | E            | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Especial | Aparellador                  | A2           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Especial | Traballadora social          | A2           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Especial | Inspector policía            | A2           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Especial | Oficial policía              | C1           | 2             | CUBERTAS                 |
| Admón. Especial | Policías                     | C1           | 7             | CUBERTAS                 |
| Admón. Especial | Encargado                    | C2           | 2             | CUBERTAS                 |
| Admón. Especial | Chofer                       | C2           | 1             | CUBERTA                  |
| Admón. Especial | Auxiliar técnico informático | C2           | 1             | CUBERTA                  |

**PERSOAL EVENTUAL**

| <i>DENOMINACIÓN</i> | <i>PRAZAS</i> |
|---------------------|---------------|
| Asesor Prensa       | 1             |

**PERSOAL LABORAL**

| <i>DENOMINACIÓN</i>                       | <i>NIVEL ASIMILADO</i> | <i>PRAZAS</i> | <i>SITUACIÓN</i>         |
|---|------------------------|---------------|--------------------------|
| Axente de Emprego e desenvolvemento local | A1                     | 1             | CUBERTA                  |
| Psicólogo                                 | I-A1                   | 1             | CUBERTA                  |
| Orientador laboral                        | I-A1                   | 1             | CUBERTA                  |
| Educadora Familiar                        | II-A2                  | 1             | CUBERTA                  |
| Axente Cultural                           | IV-C2                  | 3             | CUBERTAS                 |
| Encargado                                 | IV-C2                  | 1             | CUBERTA                  |
| Conserxe axente notificador               | V-E                    | 1             | CUBERTA                  |
| Conserxe limpeza                          | V-E                    | 5             | 3 CUBERTAS<br>2 VACANTES |
| Limpadores                                | V-E                    | 4             | 2 CUBERTAS<br>2 VACANTES |
| Operarios                                 | V-E                    | 12            | 6 CUBERTAS<br>6 VACANTES |
| Chofer                                    | IV-C2                  | 1             | CUBERTA                  |
| Tractorista                               | IV-C2                  | 1             | CUBERTA                  |
| Palista                                   | IV-C2                  | 1             | CUBERTA                  |
| Aux.axuda no fogar                        | V-E                    | 5             | VACANTES                 |

**PERSOAL CONTRATADO**

| <i>DENOMINACIÓN</i>                          | <i>PRAZAS</i> |
|--|---------------|
| Limpeza (tempo parcial)                      | 13            |
| Auxiliares Axuda a domicilio (tempo parcial) | 7             |
| Auxiliar administrativo CIM (tempo parcial)  | 1             |

O que se publica para o seu coñecemento e efectos, facendo constar que contra a aprobación definitiva do Orzamento Xeral pódese interpoñer o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa publicación, perante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto no artigo 10.1.b) e 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo.

Vilanova de Arousa, a 1 de setembro de 2014.—O Alcalde, Gonzalo Durán Hermida.—A Secretaria Accidental, Magdalena Méndez Suárez. **2014007363**

**ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA****JUZGADOS DE LO SOCIAL****De Pontevedra****E D I C T O**

Don Alberto López Luengo, Secretario del Juzgado de lo Social número tres de Pontevedra.

Hago Saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de MARÍA TERESA RIAL MILLÁN contra VIAJES SILGAR SA, FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, JUAN AGRA REQUELJO, SALGADO FACILITY SERVICES SL, YANIK VIGO SL, NURTIME SLU, en reclamación por DESPIDO, registrado con el DESPIDO OBJETIVO INDIVIDUAL Nº 475/2014 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a VIAJES SILGAR SA, YANIK VIGO SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 3 de noviembre de 2014 a las 11.45 horas, en Planta - 1 - Sala 6 - Edif. Audiencia, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.





Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a VIAJES SILGAR SA, YANIK VIGO, SL, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Pontevedra, a veintidós de Agosto de dos mil catorce. — El Secretario Judicial, Alberto López Luengo. 2014007335

\* \* \*

## **De Vigo**

### **E D I C T O**

Doña Marta Lamas Alonso, Secretario del Juzgado de lo Social número uno de Vigo.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de SANTIAGO LEYENDA AMOEDO contra AMD SETAY SL, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el número PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000653/2014 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a AMD SETAY SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 14/10/2014 a las, 10.20 horas, en Planta 2 - Sala 3 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a AMD SETAY SL, se expide la presente cédula para su publicación en el “Boletín Oficial” de la provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Vigo, a uno de septiembre de dos mil catorce. — La Secretaria Judicial, Marta Lamas Alonso.

**2014007340**

\* \* \*

**E D I C T O**

Don Manuel Rodríguez González, Secretario Judicial del Juzgado de lo Social número cinco de Vigo.

Hago saber: Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 24 9/2014 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de JOSÉ LUIS GÓMEZ REPRESAS contra TALLERES LA RÁPIDA S.L. sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución:

DILIGENCIA DE ORDENACIÓN.—SECRETARIO JUDICIAL SR.D/D. MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

En Vigo, a veintiuno de Agosto de dos mil catorce.

Habiendo presentado el/los trabajador/es JOSÉ LUIS GÓMEZ REPRESAS exigiendo el cumplimiento por el empresario TALLERES LA RÁPIDA S.L. de la obligación de readmisión, y habiéndose despachado auto de ejecución de sentencia, de conformidad al art.28 0 de la LJS, acuerdo:

Citar de comparecencia a las partes con las advertencias legales y haciéndoles saber que deben asistir con los medios de prueba de que intenten valerse, y fijo el próximo día 18 de septiembre de 2014, a las 10.25 horas, para la celebración de la comparecencia.

De no asistir el/los trabajador/es o persona que le/s represente se le/s tendrá por desistido/s en su solicitud; si no lo hiciese el empresario o su representante se celebrará el acto sin su presencia.

Asimismo, acuerdo la citación del-de los demandado-s por medio de edictos.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de TRES DÍAS hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.—EL/LA SECRETARIO/A JUDICIAL.—Sigue firma.

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN Y CITACIÓN EN LEGAL FORMA a TALLERES LA RÁPIDA S.L., en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Vigo, a veintiuno de Agosto de dos mil catorce.—El Secretario Judicial, Manuel Rodríguez González.

**2014007348**